

artfutura 2010

'We Live in Public'

Do 4 ao 27 de novembro de 2010

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo



DATAS: do 4 ao 27 de novembro

LUGAR: salón de actos

HORARIOS:

- **xoves e venres**, de **19.00 a 21.00**
- **sábados**, de **17.00 a 21.00**

NOTA/AVISO horarios especiais:

- O venres **12**, sábado **13** e domingo **14** de novembro haberá un **Maratón ArtFutura** coincidindo coa celebración do 8º aniversario do MARCO.
- O sábado **20** de novembro o programa A non incluíra o documental 'Chico y Rita', e as proxeccións rematarán ás 20.30, por coincidir cunha performance do Festival 'Chámalle X'.

PROMOTOR: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

PRODUCCIÓN: ArtFutura

ENTRADA: **1€/día** [entrada gratuíta o xoves 4, venres 12, sábado 13 e domingo 14 de novembro]

AFORO LIMITADO

Información xeral

ArtFutura, o Festival consolidado como o foro máis importante dedicado ás implicacións sociais, culturais e artísticas da tecnoloxía dixital e os novos medios, chega ao MARCO a partir do 4 de novembro, en exclusiva para Galicia, cun programa audiovisual que se proxectará de forma simultánea nas quince cidades do CircuitoFutura ao longo de todo o mes.

A edición deste ano ten como protagonista o documental '**We Live in Public**', un extraordinario filme sobre as redes sociais e a privacidade en Internet, gañador da pasada edición de Sundance, e que forma parte da colección permanente do MoMA de Nova York. Dirixido por Ondi Timoner, analiza a experiencia de Josh Harris e a súa compañía Pseudo no Nova York das 'punto-com'. Harris creou a primeira rede de televisión por Internet e intuía con gran clarividencia as consecuencias da nosa vida futura na rede.

Ademais de 'We Live in Public', o programa inclúe seleccións de animación 3D, un especial dedicado a Passion Pictures, a selección Futura Graphics (motiongraphics, virais e videoclips) e a nova sección World Wide Work, dedicada á creatividade en Internet.

artfutura 2010

Calendario e programas no MARCO



CALENDARIO PROYECCIONES

Xoves 4 nov
19.00 Programa A

Venres 5 nov
19.00 Programa B

Sábado 6 nov
17.00 Programa C
19.00 Programa D

Xoves 11 nov
19.00 Programa D

Venres 12, sábado 13 e domingo 14 nov
Maratón ArtFutura
Especial Aniversario MARCO
Programas **A-B-C-D**

Xoves 18 nov
19.00 Programa C

Venres 19 nov
19.00 Programa D

Sábado 20 nov
17.00 Programa A(*)
19.00 Programa B

Xoves 25 nov
19.00 Programa A

Venres 26 nov
19.00 Programa B

Sábado 27 nov
17.00 Programa C
19.00 Programa D

NOTA: O sábado **20** de novembro o programa A non incluíra o documental 'Chico y Rita', e as proxeccións rematarán ás 20.30, por coincidir cunha performance do Festival 'Chámalle X'.

artfutura 2010

Información PROGRAMAS

PROGRAMA A

Duración total: 2 horas



Chico y Rita - Making Off (30 minutos)

Documental sobre a realización da película 'Chico y Rita'; un proxecto conxunto de tres grandes artistas namorados de Cuba. **Javier Mariscal** e **Fernando Trueba**, coa axuda de **Tono Errando** crean esta pequena obra de arte, plena de vivas cores, que reflicte fielmente a Habana de finais dos anos corenta. Para levar a cabo esta película de animación, Mariscal inspirouse en fotografías da Cuba de 1949, recreando todos os escenarios coa precisión dun artesán. Para dar máis realismo aos movementos das ilustracións, a película rodouse con actores de verdade en La Habana, co fin de obter a información óptica necesaria sobre os seus xestos e poder recrear os movementos de cámara. Como música de fondo, soan cancións de **Charlie Parker**, **Dizzy Gillespie**, ou o cubano **Chano Pozo**, fusionando talentos americanos e cubanos. Pero a verdadeira banda sonora pona **Bebo Valdés**.



We Live in Public (90 minutos) - Versión Orixinal Subtitulada

Resultado de dez anos de traballo e máis de 5.000 horas de metraxe, o filme 'We Live in Public' revélanos o efecto da tecnoloxía dixital na nosa sociedade, a través dos ollos do 'pioneiro máis importante de Internet do que nunca oíras falar': o artista e visionario **Josh Harris**. **Ondi Timoner** (gañadora do Grande Premio do Xurado de Sundance por este filme) documentou a tumultuosa vida de Harris durante máis dunha década, recreando unha historia fascinante e que nos adianta a visión dun mundo virtual que, inevitablemente, toma o control das nosas vidas. Harris, chamado tamén o 'Warhol da Web', fundou **Pseudo** —a primeira rede de televisión por Internet que xurdiu durante o apoxeo das punto-com— nos anos noventa, e encargouse de comisar e financiar proxectos como '**Quiet**', con máis de 100 persoas vivindo xuntas nun búnker subterráneo de Nova York mentres se producía o cambio de milenio. Con 'Quiet', Harris demostrou a renuncia consciente á nosa privacidade, a cambio do recoñecemento social que todos desexamos. E como avances tecnolóxicos como MySpace, Facebook ou Twitter fan que esta renuncia consciente da privacidade sexa cada vez máis patente.

PROGRAMA B

Duración total: 2 horas



3D ArtFutura Show (1 hora)

A edición de 2010 volve traer a selección dos **mellores traballos de 3D** producidos nos últimos doce meses, con magníficas curtas procedentes de Xapón, Francia, Hungría, Polonia, Estados Unidos e Alemaña. Entre as pezas deste ano destaca **'Salesman Pete'**, unha hilarante animación de Marc Bouyer, Max Loubresses e Anthony Vivien, así como as curtas **'Cours Toujours'** (Olivier Barre e Elise Garcette), **'Suiren'** (Tomoya Kimpara) e **'The Light of Life'** (Daihei Shibata).



Passion Pictures (1 hora)

Passion Pictures é sinónimo de innovación e excelencia no terreo do **cinema documental** e a **animación**. Con grande proxección internacional (premios da Academia de Hollywood, Sundance Festival e Festival de Annecy), Passion conta con oficinas en Londres, París e Melbourne. A súa traxectoria inclúe documentais como **'We Live in Public'** e **'Stones in Exile'** (sobre o clásico álbum dos Rolling Stones, coa participación de Martin Scorsese). Os seus traballos mesturan animación e imaxe real en anuncios e videoclips que se converteron en referentes mundiais. Esta selección presenta as animacións do videoxogo **Beatles Rock Band**, anuncios como o realizado por Darren Walsh para **Sony Bravia**, e os revolucionarios videoclips de **Gorillaz** dirixidos por Peter Candeland.

PROGRAMA C

Duración total: 2 horas



Futura Graphics (1 hora)

Futura Graphics presenta unha selección das **animacións** e obras de **Motiongraphics** máis destacables do panorama actual, seleccionadas por **Octopus**. Pezas gravadas con **teléfono móbil** de última xeración (Dot), outras que se serven de **web cams** e da complicidade dos usuarios de **redes sociais** (Sour, Hibi No Neiro), ou sofisticados **grafismos en 3D** (IDN, Morbidus), son só algúns dos medios de produción destas obras que conseguen ir un paso máis aló en canto a creatividade e uso das tecnoloxías. Con obras de Andreas Hykade, Masashi Kawamura, Blu, Jeff Lieberman e Eric Gunther, Dvein, Universal Everything-World Design Studio e outros.



World Wide Work (30 minutos)

World Wide Work é unha **nova sección** dedicada á **creatividade en Internet**, que inclúe dous proxectos de calidade internacional provenientes de Europa e América. **'Coalition of the Willing'** ilustra un texto de conciencia ecolóxica realizado a base de colaboracións de varios autores. O colectivo creador de videoclips **'N.A.S.A.'** pon en contacto talento do norte e o sur de América (músicos, ilustradores e animadores) para crear orixinais videoclips. Ambos os dous proxectos teñen en común o ter nacido de forma independente, á marxe da industria audiovisual, e o seren realizados con baixos orzamentos.



Launder my Head (42 minutos) – Versión orixinal en inglés por decisión do autor

Aquí están algúns dos arquivos secretos de **Josh Harris**; unha fascinante **recompilación** de materiais en bruto e pezas pouco coñecidas, editada **en exclusiva para ArtFutura 2010**. Cando Pseudo, a primeira rede de televisión por Internet, saíu a bolsa, Harris gañou en pouco tempo máis de 80 millóns de dólares, e coa súa nova fortuna dedicouse a comisariar e financiar proxectos radicais e innovadores como 'Quiet', 'We Live in Public' e 'Operator 11'. Poderíamos resumir a complexa personalidade de Harris con adxectivos tales como artista polémico, Warhol da web ou visionario salvaxe. E, non obstante, sería demasiado ambiguo. Para entender a este xenio do sarcasmo é necesario coñecer a súa historia.

PROGRAMA D

Duración total: 2 horas



Flux Music Video Showcase (1 hora)

Selección comisariada por **Jonathan Wells**, fundador orixinal de **Resfest** e actual Director de **Flux**, unha comunidade creativa con base en Os Ánxeles e dedicada ao cinema, o deseño, a música e a cultura. O programa inclúe vídeos musicais pouco coñecidos e outras brillantes pezas visuais. Dende a última obra de **Michel Gondry** ao traballo de directores como **Andreas Nilsson**, **Allison Schulnik** e **Saam Farahmand**.



3D + Motiongraphics en Español (30 minutos)

O **premio 3D en España** é historicamente a convocatoria máis relevante no noso país, destinada a premiar os **mellores traballos de animación 3D e efectos especiais** producidos ao longo do último ano por compañías, estudantes e artistas independentes.



Demos + Processing (30 minutos)

ArtFutura presenta unha vez máis un **programa monográfico** coas obras máis destacables producidas no ámbito da **Demoscene**. Imaxes, sons en sincronía e grandes doses de imaxinación e destreza técnica caracterizan os traballos desta subcultura da creación dixital.

+ **INFO** en:

FACEBOOK: <http://www.facebook.com/artfutura>

TWITTER: <http://twitter.com/artfutura>

YOUTUBE: <http://www.youtube.com/user/ArtFutura2009>

VIMEO: <http://vimeo.com/artfutura>

www.artfutura.org